



25N. Barouta: cociñando o bo trato

De cara a este 25N o foco da proposta xira arredor da reflexión sobre que é o bo trato e que é o maltrato/violencia, sobre o maltrato que as mulleres e as nenas sufrimos polo feito de ser mulleres moitas veces de xeito inconsciente, súbtil e mesmo baixo aparencia de coidado. Trátase dunha violencia estrutural, moi arraigada e que se ben ten o seu máximo expoñente nunha realidade moi visible: o asasinato de mulleres polo feito de selo, ten un senfín de expresións que precisan do compromiso de toda a comunidade para erradicalas e conseguir que todas poidamos primeiro de todo vivir e facelo libres, sen medo e en igualdade.

Cando temos a pota ao lume unha vez se queima non hai volta atrás ás veces pode provocar un incendio, outras teremos que tirar a comida e outras quizais poidamos aproveitar a comida pero sempre saberá a queimada, o mesmo ocorre coa violencia... non ten volta atrás. Por iso consideramos que a solución pasa por tomar conciencia de todas as formas de violencia, especialmente aquelas máis próximas e adoptar compromisos firmes e realistas no noso día a día porque: cada grelo conta para facer o caldo. Nós temos a posibilidade de intentar mudar as cousas empezando polo próximo.

Por todo isto a proposta deste ano busca unha toma de conciencia de cales son aqueles ingredientes de maltrato que engadimos na nosa convivencia no centro e tiralos ao lixo e facer unha boa despensa con aqueles ingredientes do bo trato, aqueles compromisos que non poden faltar no noso día a día. Deste xeito vinculámolo co PDI.

Proposta titorías.

1º) Reflexión inicial sobre que é maltrato/violencia e bo trato. Que actitudes, accións concretas, palabras, xestos, ideas... se vinculan con unha e outra, exemplos da vida cotiá. Existe unha violencia específica contra as mulleres?

Esta última reflexión podemos acompañala coa infografía (datos) que mostran que si.



Cofinanciado pola
Unión Europea



CEIP DE BAROUTA

2º) Traballo das formas de violencia presentes na nosa contorna inmediata (escola)

Cada titoría escolle un aspecto en concreto e traballará sobre el. Haberá unha lista na sala de profes onde anotarse para que ao final teñamos unha despensa variada.

Algúns temas que se poden traballar son os seguintes:

VIOLENCIA VERBAL e XESTUAL O vocabulario, a imposición de ideas, insultos referidos ao físico, desprecios, berros, utilización do feminino para insulta: "choras coma unha nena", "deixa de facer a mona", "nena" ... loba, zorra, bruxa, muller fácil... Non ter en conta, facer de menos ou sobrevalorar opinións segundo quen as dé.

<https://dismupren.com/dismupren/noticias/de-zorras-perras-y-sargentas-40-palabras-sexistas-en-el-diccionario-espanol/>

Violencia é... (que uses a palabra nena para insultar)

Bo trato é...

USO DO ESPAZO FÍSICO . Se ben é certo que en Barouta temos un patio cunha organización diferente que permite diminuír unha maior ocupación do espazo por parte dos nenos en detrimento das nenas hai ámbitos onde se pode observar: no espazo de colchonetas, na cancha, na aula... e tamén é extrapolable a parques e outros espazos de convivencia.

<https://www.tiktok.com/@asolers/video/7332556579947941152>

Violencia é... que ocupes os espazos comúns e eu non poda ter espazo para xogar como desexo.

Bo trato é...

VIOLENCIA FÍSICA e verbal : uso da forza para conseguir obxectivos.

Violencia é ...

Bo trato é...

COIDADOS DO GRUPO : na aula quen tende a ocuparse maiormente da orde, coidado e limpeza do espazo? Nós grupos de traballo quen asume as responsabilidades de coidado do material, de recollida, etc?

<https://campusgenero.inmujeres.gob.mx/glosario/terminos/piso-pegajoso>

Violencia é... que eu sexa quen se ocupa do coidado e limpeza da aula.

Bo trato é... a corresponsabilidade



Cofinanciado pola
Unión Europea



VIOLENCIA EMOCIONAL:

a. na expresión das emocións e sentimentos (expresión= debilidade=feminino Ter en conta o que se quere, preguntar, non dar por suposto. Respetar os desexos de cada quen. (sí-non). Consentimento

Violencia é... que non agardes a escoitaros meus desexos, burlarse da expresión, non facelo...

Bo trato é... respectar o que desexa facer cada quen , poder expresar o que sinto

Violencia é que me fagas sentir que o que digo son tonterías.

Violencia é que non esperes a escoitar os meus desexos.

Bo trato... é que respectemos o que cada quen quere.

1.

b. Emocións e roles de xénero: os nenos non choran (chorar como unha nena) nin teñen medo (galiñas feminino). As mulleres non se enfadan (histérica).

Violencia é ...que digas que chorar e de nenas.

Violencia é ... que digas que so as mulleres son medosas.

Violencia é... que me chames histérica por amosar o meu enfado.

Bo trato é... que todas poidamos expresar as nosas emocións dende o respecto.

3º) PRODUTO: video con imaxes e audio. Bolsa de lixo e bote para a despensa.

DESPENSA: BAROUTA COCIÑA O BO TRATO.

Montaxe dunha despensa na que se recollan os elementos proveitosos e de proximidade (nosos) que queremos conservar e que servirán para elaborar as receitas do bo trato; tamén dun contenedor de lixo para desfacernos do mal trato/violencias. Preparación dunha bolsa de lixo coa violencia que vai tirar e un tarro co ingrediente de coidado que queda na despensa.

Cos ingredientes do bo trato faremos a receita que inclúe compromisos reais, próximos que como centro imos asumir.

GRAVACIÓN: Montaxe (Juan)

Imaxe fixa en branco e negro que é violencia e gravamos a frase (non imaxes do alumnado).

Imaxe en cor cos ingredientes do bo trato (imaxes alumnado se se quere) e gravamos a frase.

Na gravación engadir datos mulleres asasinadas e remate da posición do centro : Barouta cociña o bo trato.



Cofinanciado pola
Unión Europea



ACTO 25N.

BALANZA do 25 N:montaxe da balanza coas mulleres asasinadas e o bo trato (palabras vida, liberdade, igualdade) Mentres haxa unha soa vítima a balanza nunca poderá equilibrarse. Pequeno texto que acompaña. De fondo vese a infografía.

Tirando ao lixo a violencia, creando a despensa para cociñar o bo trato. Cada grupo leva o seu saco de lixo e o seu elemento para a despensa. Tira o lixo e garda na despensa. Visualización da montaxe coa imaxe e o son.

Todo o centro disporá dun mandil de Barouta Cociñando o bo trato.



Cofinanciado pola
Unión Europea

